



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN xaneiro – marzo 2015

12 de xaneiro: entregamos...



Prisioneros en el paraíso, de Arto Paasilinna

Un avión efectúa unha aterraxe de urxencia no arquipélago indonesio. Trala consternación inicial, a comunidade de náufragos dedícase á organización da supervivencia. Unha volta ao tópico literario da illa deserta transformada nunha hilarante aventura utópica.

Comentario: 26 de xaneiro

26 de xaneiro: entregamos...



Atracción total, de Carmen Blanco

Atracción total é unha obra en busca da verdade poética nos extremos máis extremos do microrelato e do relato de relatos. O libro deseña, con retallos, un tapiz de tapices, como a vida, e foi escrito como quen vai cosendo.

Comentario: 23 de febreiro

9 de febreiro: Presentación de *Bibliotecarias e bibliotecarios "infames"* libro de F. X. López de Letona



Ensaio histórico sobre a creación dun colectivo bibliotecario da II República en Galicia durante a ditadura franquista. Colectivo comprometido co proceso de alfabetización da poboación e o achegamento á cultura da lectura a través de diversas iniciativas.



SUSPENDIDA

23 de febreiro: entregamos...



84 Charing Cross Road, de Helene Hanff

En 1949, unha nova escritora neiorquina envía unha carta a unha librería londinense. Apaixonada e maniática, a moza reclámalle ao libreiro volumes dificilmente atopables que tranquilizarán a súa sede de descubrimentos. Vinte anos máis tarde continúa a súa correspondencia e a familiaridade converteuse nunha intimidade case amorosa.

Comentario: 9 de marzo

9 de marzo: entregamos...



El palacio azul de los ingenieros belgas, de Fulgencio Argüelles

Nalo, un raparigo de orixe humilde, é contratado como aprendiz de xardineiro na residencia dunha acomodada familia belga na zona minera asturiana. Estamos na primeira metade do século XX e ás portas dun importante movemento político e social.

Comentario: 23 de marzo

23 de marzo: entregamos...



Los platos más picantes de la cocina tártara, de Alina Bronsky

Rosalinda é un muller rusa de orixe tártara que sobrevive nun país cada vez máis empobrecido. Casada, avó prematura e enfrontada á escaseza, decide emigrar a Alemaña coa súa filla solteira e a neta.

Alina Bronsky é un escritora nada en Yekaterinburg que vive en Frankfurt e escribe en lingua alemá.

Comentario: 6 de abril